

## A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NOS CENTROS DE PRIMARIA: ESTUDIO DESCRIPTIVO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

José Domínguez Alonso  
C.E.I.P. de Sandiás (Ourense)

### RESUMEN

Nos últimos anos vense desenvolvendo, de maneira progresiva, na nosa comunidade educativa e na sociedade en xeral, un avance na conciencia sobre a diversidade e unha certa sensibilidade respecto as dificultades e as posibilidades que presentan determinados alumnos durante o seu proceso educativo. O sistema educativo ten a responsabilidade de atender este alumnado diverso (cada vez máis numeroso) que invade as súas aulas. É necesario coñecer como está a diversidade na ensinanza primaria, como se está levando a práctica, e cales son as actitudes e recursos cos que contan os centros.

Preséntanse aquí os resultados dunha investigación de metodoloxía integradora en torno a esta temática, realizada nos centros de educación infantil e primaria (CEIPs) da Comunidade Autónoma Galega. A través dun cuestionario deseñado a tal efecto, recolléreronse e analizáronse informacions que apuntan a unha falta de actitudes, actuacions e recursos para acadar a meta proposta polo sistema educativo: dar resposta á diversidade do alumnado.

**Palabras clave:** Atención á diversidade; ensinanza primaria; actitudes, actuacions e recursos dos centros ante a diversidade.

### ABSTRACT

In recent years, our society as a whole and the teaching community in particular have developed a new awareness on diversity and a new sensitivity regarding the difficulties and possibilities offered by certain groups of students during the educational process. The educational system has the responsibility of serving this diverse student body that grows each day, filling the classrooms. As a result, there is a need to focus our attention on diversity in primary education and to investigate how this diverse education is being realized in practice, which is the attitude of the educational staff and what the means provided to the educational centers to fulfill this responsibility.

Here, we present the results of a research study on this topic carried out using integrative methodology in centers of primary education in the Galician Community. A questionnaire specially designed for this purpose was used to collect and analyze data in these centers. The analysis of the data shows a lack of understanding, failing on performance and shortage of the resources needed to achieve the target of educating our diverse student population.

**Key Words:** Attention on diversity; Primary Education; attitude, performance and resources of the educational centers faced with diversity.

*"Educar para unha cidadanía global representa educar desde aqueles temas relevantes coa intención de que se produza unha transformación progresiva nos valores, actitudes e comportamentos do noso alumnado. Todo isto coa intención de fomentar o respecto e a valoración da DIVERSIDADE como fonte de enriquecemento humano,..."*

Intermónd-Oxfam: Proposta educativa.  
Curso 2004-05. Xunta de Galicia.

## **1. XUSTIFICACIÓN E IMPORTANCIA DO TEMA**

A atención da diversidade no sistema educativo galego e na educación en xeral, presentase como un reto difícil, complicado e en ocasións contradictorio cos valores sociais vixentes na actualidade. As reivindicacións sociais (maior igualdade de oportunidades entre todos os cidadáns, eliminación de calquera tipo de práctica segregadora e discriminadora, ...) úneselle a revisión de conceptos (minusvalía, discapacidade, educación especial, integración, inclusión,...) no campo da intervención educativa para pasar, non sen dificultades e resistencias, dunha concepción medicalista ou estática na que primaba o diagnóstico, clasificación e tratamiento prefixado, a unha concepción dinámica e interactiva na que se contemplan as dificultades de aprendizaxe dentro dun contexto determinado. A educación na diversidade “centra a súa preocupación en estudiar os procesos de ensinanza e aprendizaxe en grupos heteroxéneos co obxectivo de favorecer o máximo desenvolvemento social e persoal de todas as persoas máis alá de limitacións e insuficiencias” (Vega, 2003: 72).

Na actualidade, a educación primaria segue sendo unha etapa clave para o futuro desenvolvemento dos alumnos/as que presenta importantes atrancos para por na práctica unha ensinanza diversa e comprensiva que responda de forma eficaz á diversidade do seu alumnado. Segundo Rosais (2003: 380) “*Dende a perspectiva de doce anos tras a implantación da integración sistemática de alumnos en escolas ordinarias, constátase a existencia no noso país de grandes lagoas e importantes dificultades. Entre estas últimas hai que facer referencia o desalento dun amplo sector de profesionais que non se atopa capacitado nin motivado para fazer fronte a súa nova responsabilidade. Tamén referirse á carencia en moitos casos de recursos humanos, técnicos e materiais que se supón debería haber aportado a administración*”.

## **2. A ATENCIÓN DA DIVERSIDADE NA PRIMARIA: ANTECEDENTES E MARCO LEXISLATIVO**

Tradicionalmente imperou unha visión da diversidade considerada como un problema, que complica o sistema de ensinanza-aprendizaxe. A orixe vaise atopar no propio suxeito, nos seus déficits, asociado coa idea de “anormalidade” ou patoloxía, de maneira que se concibe como diverso todo aquel que excede os “límites da normalidade”.

Así na década dos sesenta xeneralízanse as críticas á escola, pois en lugar de servir como sistema de igualación social vai a contribuír a manter as desigualdades ó actuar como un poderoso axente de reproducción económico e cultural (Apple, 1978). Proliferan as estratexias centradas no

alumno, o considerar calquera diferencia como un problema individual de aprendizaxe. Esto favorece moi pouco as persoas con dificultades, cunha visión máis “médica” que educativa (Velazquez, 1992). Faise unha referencia explícita á escolarización dos alumnos con deficiencias (“diferentes”, “diversos”) dentro do sistema público, pero esta integración ten un enfoque educativo individualizado e rehabilitador, propio da anterior educación especial, axustando a ensinanza e prestando apoio específico os nenos “etiquetados como de integración”.

Nembargantes, a integración dos alumnos con necesidades educativas especiais no sistema ordinario da educación constitúe un precedente importante no tratamento da diversidade, pois evidenciou a relación existente entre a aprendizaxe dos alumnos e as oportunidades que se lles ofrecen, e sobre todo, os efectos positivos cos ambientes integrados producen na súa motivación e autoestima, *“cando se proporcionan uns programas educativos e uns apoios axeitados en situacións integradas, os alumnos tenden a aprender máis que cando o fan en situacións segregadas”* (Stainback e Stainback, 1990).

De acordo con Arnaíz (1997) a integración favoreceu o acceso dos alumnos con deficiencias á escola ordinaria, pero non a participación completa dos mesmos na vida escolar. Dende esta perspectiva e coa intención de avanzar un paso máis no desenvolvemento integrador, postúlase na Conferencia Mundial de Educación para Todos celebrada en Jomtien (1990), unha escola que responda as necesidades de todos os alumnos sexa cales foran as características persoais, psicolóxicas ou sociais destes. Así empezase a adoptar no contexto internacional o termo inclusión, que ven a significar unha integración total, unha escola para todos ou unha escola inclusiva que non discrimina a ningún alumno (Stainback e Stainback, 1999).

Respecto á Comunidade Autónoma de Galicia, levouse a cabo o plan experimental de integración ó abeiro do Real Decreto 334/1985, do 6 de marzo, de ordenación da educación especial. Este plan púxose en marcha pola Orde do 9 de agosto de 1985 , sendo a derradeira disposición de aplicación do programa de integración a Orde do 31 de marzo de 1995, xa que a publicación do Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, establece en Galicia, como norma xeral, a escolarización deste alumnado en centros ordinarios. Así mesmo, a Orde do 27 de decembro de 2002, vai a regular as condicións e criterios para a escolarización do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais que cursa ensinanzas de réxime xeral.

Nunha análise da lexislación vixente en materia de atención á diversidade na educación primaria en Galicia, observamos que na case totalidade das disposicións que desenvolven as leis orgánicas de educación, recollese dun xeito ou de outro, aspectos relativos á diversidade:

a) Escolarización de alumnos e alumnas:

- \* *Orde do 16 de marzo de 2001, pola que se regula o procedemento de admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obligatoria en centros sostidos con fondos públicos* (DOG de 11/04/2001).

b) Organización e funcionamento:

- \* *Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e os colexiós de primaria* (DOG de 21/10/1996).

- \* *Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de infantil e colexios de primaria (DOG de 02/09/1997).*

c) Profesorado:

- \* *Orde do 1 de setembro de 1998, pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes que corresponde proveer por funcionários do corpo de mestres nos centros de infantil, primaria, secundaria e integrados (DOG de 11/09/1998).*
- \* *Disposicións que regulan a formación inicial, continuada, selección, concursos de traslados, ... dos mestres e mestras.*

d) Programación, ensinanza, titoría e avaliación:

- \* *Orde do 6 de maio de 1993, pola que se regula a avaliación en educación primaria (DOG de 20/05/1993).*
- \* *Decreto 245/1992, polo que se regula o currículo de primaria (DOG de 14/08/1992).*

e) Orientación:

- \* *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia (DOG de 27/04/1998).*
- \* *Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia (DOG de 31/07/1998).*
- \* *Circular 23/2004 das Direccións Xerais de Centros e Ordenación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2004-2005.*

f) Educación Especial:

- \* *Decreto 320/1996, do 26 de xullo, polo que se ordena a educación de alumnos con necesidades educativas especiais (DOG de 06/08/1996). É a base xeral para as demais disposicións neste campo.*
- \* *Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 10/03/1998).*
- \* *Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG de 07/11/1995).*
- \* *Orde do 24 de outubro de 1996, pola que se regula o procedemento de flexibilización do período de escolarización obligatoria dos alumnos e alumnas afectados de sobredotación intelectual (DOG de 28/11/1996).*
- \* *Orde o 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais e se establece o procedemento e os criterios para a elaboración do dictame de escolarización (DOG de 19/12/1996).*

g) Servicios de apoio, asesoramento, supervisión e control:

- \* Decreto 120/1998 e Orde do 24 de xullo de 1998. (Xa citados).
- \* Decreto 245/1999, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte ensinanzas de niveis non universitarias en Galicia (DOG de 01/09/1999).
- \* Decreto 135/1993, polo que se regula a función e organización da Inspección Educativa en Galicia (DOG de 29/06/1993).

### **3. PROCESO E METODOLOXÍA DE INVESTIGACIÓN**

#### **3.1 Problema e obxectivos**

A atención á diversidade é unha modalidade de marcado carácter didáctico, curricular e organizativo que presenta moitos puntos escuros en canto o coñecemento dos efectos educativos que proporciona ós alumnos, mestres, organización, metodoloxía,..., así coma os condicionantes que os modifican e os trazos fundamentais da súa posta en práctica, “*o atender á diversidade convértese nun elemento clave para dilucidar se realmente aspiramos a que cada alumno e cada alumna desenvolvan ó máximo as súas potencialidades*” (Xunta de Galicia, 1993: 20).

Despois de mais de catorce anos da implantación da Lei Orgánica 1/1990 de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE), parécenos motivo suficiente reflexionar dende a teoría e analizar dende a práctica a atención que se lle ven prestando á diversidade nos centros de primaria, pois o obxectivo da citada lei era dar resposta a un fenómeno característico do sistema educativo que escolariza a totalidade da poboación: a heteroxeneidade das aulas. A diversidade dos alumnos obriga á escola a ter que diferenciar obxectivos e medios para atender axeitadamente non soamente a cada un, senón a todos os alumnos, xa que todos eles teñen o dereito e a obrigación de acadar uns mínimos educativos, é dicir, unha educación común para todos (art. 6.1, LOXSE).

Este obxectivo xeral perseguido pola LOXSE concretámolo nos seguintes obxectivos de investigación:

- 1) Descubrir as opinións e actitudes do profesorado respecto as dimensións didácticas, organizativas e institucionais da atención á diversidade.
- 2) Coñecer que actuacións se levan a cabo nos centros consultados en relación coa atención á diversidade.
- 3) Indagar con que recursos contan nos centros e cales son máis importantes para atender á diversidade.

#### **3.2 Metodoloxía da investigación**

O presente estudo emprázase, inicialmente, nun campo moi amplio o aquí presentado. Forma parte dun traballo (tese doutoral) encadrado dentro dunha metodoloxía de investigación integradora na que converxen diversas fontes que buscan explicar, describir e comprender as medidas da atención á diversidade en canto o seu carácter de instrumento para abordar as necesidades educativas cos alumnos presentan nos centros de primaria, “...as aprendizaxes

*dependen das características singulares de cada un dos aprendices; corresponden en gran medida, ás experiencias que cada un viviu dende o seu nacemento; a forma en que se aprende e o ritmo da aprendizaxe varían segundo as capacidades, motivacións e intereses de cada un; en fin, a maneira e a forma na que se producen as aprendizaxes son o resultado de procesos que sempre son singulares e persoais. Estes acordos ou conclusóns, que todos os ensinantes constatamos na nosa práctica, poderíamos decir que son de sentido común. Deles despréndese un enfoque pedagóxico que debe contemplar a atención á diversidade do alumnado como eixe vertebrador (Xunta de Galicia, 1996: 18).*

Imos desenvolver un deseño de investigación, que respondendo os atributos dun paradigma cuantitativo, non trata de experimentar ou medir de forma obxectiva e controlada a diversidade nos centros, senón recoller as opiniós dos orientadores respecto o obxecto da investigación e comprobar o grado de afinidade ou discrepancia nas súas opiniós, para extraer un perfil o máis axustado posible a realidade dos centros.

### 3.3 O instrumento de avaliación

A falta de instrumentos específicos no mercado bibliográfico sobre o tema da diversidade, e en particular sobre as medidas que se están levando a cabo nos centros, elaboramos un instrumento de recollida da información: o cuestionario CUADIVER (Cuestionario de atención á diversidade), baseado nos resultados dunha análise minuciosa de experiencias publicadas, grupos de traballo en centros e a opinión de expertos. A súa complementariedade foi eficaz e imprescindible para o deseño do cuestionario e posterior recollida de información.

O proceso seguido para a concreción destes fins levouse a cabo da seguinte forma:

1º.- Elaboración dun protocolo inicial do cuestionario, “*denominase protocolo da proba o material impreso onde se atopan os ítems ou preguntas que o suxeito debe resolver*” (Bisquerra, 2000: 97), baseándonos nas achegas dos grupos de traballo en centros.

2º.- Contactamos cun grupo de expertos con coñecementos, características e experiencia no campo a estudiar, que estimamos como axeitados para acadar o noso obxectivo, solicitándolles a súa colaboración. Un experto sería “*aquel individuo cunha situación e recursos persoais que lle posibilite contribuír positivamente a consecución do fin que motivou a iniciación do traballo*”(Landeta, 1999: 57).

3º.- Facilitámosselle os expertos un cuestionario previamente deseñado no cal deberían valorar a estructura, contido e forma das preguntas formuladas, coa posibilidade da inclusión o supresión dos aspectos que consideraran oportunos. Unha vez feitas as aclaracións pertinentes, pasouse polos seus despachos a recoller e comentar as contribucións aportadas.


4º.- Recollidos os cuestionarios coas modificacións e aclaracións feitas polos distintos expertos, estructuramos o noso cuestionario, enriquecendo coas achegas e aportacións que consideramos más relevantes.

5º.- Formulamos e agrupamos os ítems do cuestionario por campos de traballo, para o posterior deseño no programa NEOBOOK 4.0.

6º.- Antes de realizar o envío definitivo levouse a cabo unha proba ou estudio piloto cun grupo de 20 xefes de departamento de orientación os que se lles enviou o cuestionario para que o contestaran e aportaran a súa valoración do mesmo en canto a dificultade, complexidade, deseño, motivación,..., que unidas a unha nova revisión cos expertos, permitiuños realizar as modificacións e axustes no cuestionario ata convertelo en definitivo. (Gráfico 1).

7º.- Envío definitivo os correos electrónicos dos xefes dos departamentos de orientación de primaria.

GRÁFICO 1  
ESQUEMA DO PROCESO DE ELABORACIÓN DO CUESTIONARIO



FONTE: Elaboración propia a partir de Soldevilla (1986): *Análise económico da demanda empresarial*. El Ateneo, p. 48.

Estructura do cuestionario:

O cuestionario está dividido en tres bloques, e os ítems que o componen (51), distribúense da seguinte forma:

PRIMEIRO BLOQUE: Marco contextual de referencia.

I.- Identificación do centro (7 ítems).

II.- Datos persoais, académicos e profesionais (12 ítems).

SEGUNDO BLOQUE: Marco conceptual e práctico.

III.- Pensamento implícito dos orientadores na atención á diversidade (12 ítems).

IV.- A diversidade nos centros (10 ítems).

TERCEIRO BLOQUE: Marco valorativo.

V.- Valoración das medidas de atención á diversidade (9 ítems).

Para o cálculo da fiabilidade do cuestionario utilizouse o Alpha de Cronbach, *indica o grado en que covarián os ítems dun test, polo que é un indicador da súa consistencia interna* ( Muñiz, 1992). Tendo en conta a lonxitude do cuestionario, o índice obtido 0,9189 é moi aceptable.

Tamén utilizamos o método das dúas metades, *por ser este método o más rigoroso e, por tanto, preferido os demás* (Visauta, 1989, p.213). A división do cuestionario realizouse asignando os ítems pares a unha metade e os impares a outra, obtendo unha correlación de 0,9101, na primeira parte e unha correlación de 0,8200 na segunda parte.

### 3.4 Selección e composición da mostra

Non vamos a tratar de experimentar nin medir de maneira obxectiva e controlada os fenómenos sociais a estudio, senón que tentaremos recoller as opinións/valoracións dos orientadores de primaria respecto o obxecto de investigación e observar o grado de afinidade ou discrepancia nas súas opinións para sacar un perfil o mais axustado a realidade que se tenta investigar.

A poboación estudiada está constituída pola totalidade dos Departamentos de Orientación dos centros de educación infantil e primaria (CEIPs), que no curso 2003/04 ascenden a un total de 229. A estes centros enviáuselles por correo electrónico unha carta de presentación e o cuestionario que unha vez cumplimentado era remitido automaticamente o correo electrónico persoal do investigador. Obtivemos resposta por parte de 110 centros que se temos en consideración os centros do estudio piloto (20 centros), representan un 52,15% da poboación total (Gráfico 2). “*Para extraer conclusións sobre as propiedades dunha poboación a partir da información contida nunha mostra desa poboación é necesario, en primeiro lugar, utilizar muestras representativas do total da poboación, é dicir, muestras nas que exista alguma garantía de que cualquier elemento da poboación puidera (tivera a oportunidade de) estar representado nelas*” ( Merino e Díaz, 2002: 171).

**GRÁFICO 2**  
**DISTRIBUCIÓN DOS CENTROS POR PROVINCIAS**

PROVINCIA	Nº DE CENTROS	%	Nº DE RESPOSTAS	%
A CORUÑA	92	40,17%	29	26,4%
LUGO	31	13,54%	18	16,4%
OURENSE	25	10,91%	17	15,5%
PONTEVEDRA	81	35,37%	40	36,4%

FONTE: Elaboración propia. Xunta de Galicia, 2002.

En relación a mostra, ó perfil dos Xefes/as dos Departamentos de Orientación de primaria en Galicia estaría constituído por muller, de 41 a 50 anos, cunha experiencia docente de máis de 18 anos e unha experiencia nos Departamentos de Orientación de 3 a 5 anos, coa Diplomatura de Mestre de Educación Xeral Básica e licenciada en Pedagoxía (Táboa 1). Salientar que este perfil ven determinado polo sistema de acceso ás xefaturas do Departamento de Orientación.

**TÁBOA 1**  
**COMPOSICIÓN DA MOSTRA SEGUNDO AS VARIABLES.**

SEXO	<b>Mulleres: 66,40 %</b>	Homes: 33,60%
IDADE	Menos de 30 anos: 4,5%. De 30 a 40 anos: 24,5%. <b>De 41 a 50 anos: 44,50%.</b>	De 51 a 60 anos: 13,6%. Máis de 60 anos: 2,7%.
EXPERIENCIA DOCENTE	Menos de 3 anos: 6,40%. De 3 a 6 anos: 10%. De 7 a 10 anos: 2,70%.	De 11 a 14 anos: 12,70%. De 15 a 18 anos: 10,90%. <b>Máis de 18 anos: 53,6%.</b>
EXPERIENCIA NUN D.O.	Menos de 3 anos: 23,60%. <b>De 3 a 5 anos: 55,50%.</b>	De 6 a 10 anos: 11,80%. Máis de 10 anos: 4,50%.
TITULACIONES ACADÉMICAS	<b>Diplomatura en EXB: 37%.</b> Licenciatura en Psicoloxía: 18%. <b>Licenciatura en Pedagoxía: 33%.</b> Licenciatura en Psicopedagoxía: 6%.	

Fonte: Elaboración propia.

#### 4. PRESENTACIÓN E INTERPRETACIÓN DOS RESULTADOS

Neste apartado recóllese as respostas emitidas polos Xefes/as dos Departamentos de Orientación dos CEIPs en relación a tres dimensións:

- Actitudes xerais nos colectivos cara a diversidade nos seus centros.
- Actuacións que se levan a cabo para atender á diversidade.
- Recursos dos centros para traballar a diversidade.

##### **4.1 Resultados relativos as actitudes nos centros de primaria cara a atención da diversidade**

Este primeiro apartado céñtrase en identificar as actitudes dos colectivos dos centros ante a diversidade do alumnado, así Arnáiz (1996) afirma “primeiro unha actitude, un sistema de valores e crenzas, non unha acción nin un conxunto de accións...”. A pregunta formulada era:

*¿Cal é a actitude no teu centro cara a atención á diversidade nos seguintes colectivos?.*

Na táboa 2 presentamos os porcentaxes de resposta segundo a consideración (nada, pouco, suficiente, bastante, moito) que teñen dos diferentes colectivos sobre a diversidade.

**TÁBOA 2**  
**ACTITUDES NO CENTRO PARA ATENDER Á DIVERSIDADE**

<b>ÍTEM</b>	<b>ACTITUDES</b>				
	<b>Nada</b>	<b>Pouco</b>	<b>Suficiente</b>	<b>Bastante</b>	<b>Moito</b>
Equipo Directivo	0,0	13,6	29,1	33,6	21,8
Inspección	2.7	32.7	35.5	20.0	6.4
Administración	5.5	53.6	22.7	15.5	0.0
Titores	0.0	20.0	37.3	36.4	4.5
Mestres non titores	0.9	21.8	43.6	26.4	5.5
Especialistas PT ou AL	0.0	1.8	10.0	<b>39.1</b>	<b>46.4</b>
Profesores de apoio	0.9	3.6	22.7	29.1	22.7
Familias	0.9	35.5	33.7	25.5	1.8

Elaboración propia.

Parece claro ca perspectiva dos Xefes dos Departamentos de Orientación de primaria sobre as actitudes dos distintos colectivos dos centros, é lixeiramente positiva (Bastante+Moito: 39,35%) e non negativa (Nada+Pouco: 24,1%). Entrando en máis detalles poderíamos sinalar que:

- Os porcentaxes máis altos indican unha boa ou moi boa actitude na atención da diversidade no centro, e corresponden os colectivos: *Especialistas en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe (85,50%)*, *Os Equipos Directivos (55,40%)* e os *Mestres de Apoio (51,80%)*.
- Os porcentaxes que poderíamos cualificar de normais (actitude menos positiva), corresponden os colectivos seguintes: *Titores (40,90%)* e *Mestres non Titores (31,90%)*.
- Os porcentaxes máis baixos (actitude pasiva) corresponden os colectivos: *Familias (27,30%)*, *Servicio de Inspección (26,40%)* e *Administración (15,50%)*.

A simple vista podemos observar cos máis valorados son os colectivos que *teñen más contacto co alumnado con dificultades na aprendizaxe (diverso)* e os menos valorados os que menos contacto teñen con este tipo de alumnado.

#### **4.2 Resultados relativos as actuacións levadas a cabo para atender á diversidade**

Baseándonos nas actuacións que habitualmente veñen vencelladas os departamentos de orientación para atender a diversidade do alumnado: diagnósticos, informes, proxectos, materiais, organización,... formulamos a pregunta seguinte:

¿Cales son as actuacións máis solicitadas para atender á diversidade e en que medida?

Das opinións emitidas dicir cas porcentaxes mais altas acádanse na realización de diagnósticos, informes psicopedagóxicos e reforzos ou adaptacións curriculares (75%). Outro conxunto de actuacións con porcentaxes intermedios son: a colaboración nos proxectos dos centros e na elaboración de materiais didácticos (41%). Nos porcentaxes de resposta máis baixos temos dúas medidas de consulta: programas as familias e asesoramento na organización das aulas (11%) (Táboa 3).

**TÁBOA 3**  
**ACTUACIÓNES PARA ATENDER Á DIVERSIDADE**

<b>ÍTEM</b>	<b>ACTUACIÓNES</b>				
	Nada	Pouco	Suficiente	Bastante	Moito
Realizar/confirmar un diagnóstico	0.9	5.5	13.6	<b>46.4</b>	<b>30.0</b>
Colaborar na preparación de RE ou AC	1.8	5.5	17.3	38.2	33.6
Elaborar materiais didácticos	6.4	19.1	32.7	30.9	7.3
Asesoramento na organización da aula	13.6	46.4	26.4	8.2	1.8
Programas as familias	15.5	34.5	29.1	13.6	2.7
Colaboración nos proxectos do centro (PEC,...)	4.5	18.2	29.1	28.2	15.5
Informes Psicopedagóxicos	2.7	5.5	11.8	<b>34.5</b>	<b>41.8</b>

Elaboración propia.

Analizando máis minuciosamente as respuestas emitidas observamos:

- En primeiro lugar atopase *realizar ou confirmar diagnósticos* (76,4%), seguido moi preto polos *informes psicopedagógicos* (76,3%) e os *reforzos educativos ou adaptacións curriculares* (71,8%).
- Nunha zona intermedia atopamos a *colaboración nos proxectos de centro* (43,7%) e a *elaboración de materiais didácticos* (38,2%).
- En menor medida os *programas para as familias* (13,3%) e o *asesoramento na organización das aulas* (10,0%).

A vista dos resultados acadados neste apartado, podemos deducir que segue prevalecendo a tendencia a un **diagnóstico clínico** nos centros de primaria.

#### **4.3. Resultados relativos os recursos dos centros para atender á diversidade.**

Neste apartado deste estudio preséntaselle os Xefes dos Departamentos de Orientación de primaria un listado de posibles recursos destinados a mellorar a atención da diversidade nos centros.

A pregunta foi formulada do seguinte xeito:

¿En que medida é axeitada a dotación de recursos do teu centro para o desenvolvemento da atención á diversidade?.

Como podemos constatar (táboa 4), a maior dotación de recursos para atender á diversidade atopase no departamento de orientación (40,9%) e o que máis predomina é o material de diagnóstico (31,8%), o cal nos leva a afirmación anterior da *importancia do sistema clínico para o tratamiento da diversidade en primaria*.

TÁBOA 4  
RECURSOS

ÍTEMS	RECURSOS				
	Nada	Pouco	Suficiente	Bastante	Moito
Aulas axeitadas	3.6	26.4	33.6	26.4	5.5
Libros e revistas	1.8	34.5	32.7	24.5	3.6
Material de diagnóstico	0.9	24.5	40.0	28.2	3.6
Bibliografía	0.9	29.1	40.0	24.5	2.7
Mobiliario	3.6	27.3	50.0	13.6	2.7
Coidadores/as	44.5	9.1	20.9	7.3	3.6
Especialistas en PT ou AL	4.5	41.8	29.1	15.5	6.4
Mestres de Apoyo	17.3	32.7	27.3	12.7	1.8
Departamento de Orientación	0.0	13.6	42.7	29.1	11.8
Dotación Económica	4.5	44.5	30.0	14.5	3.6

Elaboración propia.

Facendo unha análise dos porcentaxes da táboa anterior, destacar:

- *O departamento de orientación* vese como o que con máis recursos conta para atender á diversidade (40,9%).
- Os recursos que máis abundan son: *Aulas axeitadas* (31,9%) e *Material de diagnóstico* (31,8%).
- Nun punto intermedio atopamos: *Libros e revistas* (28,1%), *Bibliografía* (27,2%) e *Especialistas en PT ou AL* (21,9%). Salientar que son considerados estes últimos como os más importantes no traballo da diversidade nos centros.
- Finalmente cos que menos contan os centros son: *Dotación económica* (18,1%), *Mobiliario* (16,3%), *Mestres de apoio* (14,3%) e *coidadores/as* (10,9%).

Vistos os datos podemos comprobar que *a dotación de recursos nos centros é considerada escasa* (nada/pouco: 36,48%) seguida de suficiente 34,63% e en derradeiro lugar moito/bastante (24,14%), o cal nos leva a afirmar unha tendencia a baixa na dotación de recursos para atender á diversidade nos centros de primaria.

## 5. CONCLUSIÓNS

Comentaremos a continuación, as principais conclusóns desta investigación, de acordo cos obxectivos perseguidos na mesma. Así, respecto as *actitudes e opiniós dos diferentes colectivos cara a atención á diversidade*, sinalar cos que máis contacto teñen cos alumnos con dificultades nas aprendizaxes (especialistas en pedagoxía terapéutica ou audición e linguaxe) son os más motivados e predispostos no tratamento deste alumnado. Sen embargo, os que menos contacto teñen co alumnado (Inspección, Administración) presentan unha actitude máis pasiva.

En relación as *actuacíons levadas a cabo dende os DO dos centros de primaria*, destacan a *realización ou confirmación de diagnósticos, os informes psicopedagóxicos e os reforzos ou adaptacións curriculares*, máis propios dunha metodoloxía clínica. Actuacíons importantes como *colaboración nos proxectos dos centros (PEC, PCC,...)* e *na elaboración de materiais didácticos* realizanse con menor frecuencia, debido a que para levalas a cabo necesitase unha certa colaboración de todo o profesorado.

Así mesmo, en relación os *recursos cos que contan os centros para atender á diversidade*, observamos que son **escasos** cun predominio de materiais de diagnóstico, sendo considerados **insuficientes e inadecuados** para un tratamento eficaz e rigoroso da diversidade nas nosas aulas.

É necesario desenvolver un sistema educativo capaz de responder á complexidade dunha sociedade na que todos os seus membros teñan a posibilidade do máximo desenvolvemento das súas capacidades e a facelo nas condicións de máxima normalización, creando unha escola aberta que entenda como cotián o reaxuste constante que supón a resposta as necesidades, “*unha escola que integre necesidades, non nenos*” (García Pastor, 1997: 227).

Propostas de mellora:

- Campañas de concienciación para mellorar as actitudes nos centros na atención á diversidade.
- Fixar como referente básico da atención á diversidade na educación primaria o grupo heteroxéneo ordinario cunha acción titorial individualizada.

- Dotar os centros de máis recursos (humáns e materiais):
  - Asignación en función das necesidades.
  - Maior esforzo ante maiores carencias: disminución ratios mestre-alumno, incremento nos presupostos,...
  - Colectivizar o uso dos recursos como forma de compensación e aprendizaxe.

## 6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- APPLE, M.W. (1987):** *Ideología y currículum*. Madrid. Akal.
- ARNÁIZ SANCHEZ, P. (1996):** *Las escuelas son para todos*. Madrid. Siglo Cero, 164.
- ARNÁIZ SANCHEZ, P. (1997):** “Integración, segregación, inclusión”. En ARNÁIZ SANCHEZ, P. y DE HARO RODRIGUEZ, R. (Ed.): *10 años de integración en España*. Murcia. Servicio de Publicaciones de la Universidad, 313-353.
- BISQUERRA, R. (2000):** *Métodos de investigación educativa: Guía Práctica*. Barcelona. CEAC.
- CONFERENCIA MUNDIAL DE EDUCACIÓN PARA TODOS.** Jomtien (1990).
- GARCÍA PASTOR, C. (1997):** “La construcción de una escuela democrática”. En ARNÁIZ, P. y DE HARO RODRÍGUEZ, R. (Eds.): *10 años de integración en España: análisis de la realidad y perspectivas de futuro*. Actas de la reunión XXII Reunión Científica Anual de A.E.D.E.S.. Murcia. Servicio de Publicaciones de la Universidad de Murcia, 355-383.
- MUÑIZ, J. (1992):** *Teoría clásica de los tests*. Madrid. Pirámide.
- PARDO, A. y RUIZ, M.A. (2002):** *SPSS 11. Guía para el análisis de datos*. Madrid. McGraw-Hill.
- ROSALES LÓPEZ, C. (2003):** “Calidad de la enseñanza y legislación educativa”. En *Innovación Educativa*, nº13, 373-384. Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- SOLDEVILLA, E. (1986):** *Análisis económico de la demanda empresarial*. Barcelona. El Ateneo.
- STAINBACK, S. y STAINBACK, W. (1990):** “Inclusive schooling”. En STAINBACK, S. y STAINBACK, W. (Eds.): *Support Networks for Inclusive Schooling*. Baltimore. Brookes.
- STAINBACK, S. y STAINBACK, W. (1999):** *Aulas Inclusivas*. Madrid. Narcea.
- VEGA FUENTE, A. (2003):** *La educación social ante la discapacidad*. Málaga. Aljibe.
- VELAZQUEZ CLAVIJO, M. (1992):** “La integración del niño con dificultades en la escuela infantil”. En MOLL, B. (Dir.): *La escuela infantil de 0 a 6 años*. Salamanca. Anaya.
- XUNTA DE GALICIA (1993):** *O proxecto curricular de centro*. Santiago de Compostela. Tórculo.
- XUNTA DE GALICIA (1996):** *METODOLOGÍA: Referentes para a práctica educativa*. Santiago de Compostela. Grafinova.
- XUNTA DE GALICIA (2002):** *A Orientación Educativa e Profesional en Galicia*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.